

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MUGARDOS

Convocatoria e bases específicas reguladoras do procedemento selectivo para a formación dunha bolsa de emprego do Concello de Mugardos de auxiliar de axuda no fogar

ANUNCIO

CONVOCATORIA E BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DO PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DO CONCELLO DE MUGARDOS, ASIMILADA Á ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE PERSOAL DE OFICIOS, GRUPO V, AUXILIAR DE AXUDA AO FOGAR, POLO PROCEDEMENTO DE OPOSICIÓN

Mediante Decreto 2024-0411, do 11 de abril de 2024, do concelleiro delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior, acordouse prestar aprobación ás Bases reguladoras do procedemento selectivo para a formación dunha bolsa de emprego do Concello de Mugardos, asimilada á escala de administración especial, subescala de servizos especiais, clase persoal de oficios, grupo V, auxiliar de axuda no fogar, polo procedemento de oposición e proceder, conforme ao establecido no artigo 58.4º da Lei 2/2015, de 1 de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, á publicación do correspondente anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña; bases específicas para a formación da citada bolsa de emprego cuxo texto se transcribe de seguido:

“BASES ESPECÍFICAS REGULADORAS DO PROCEDEMENTO SELECTIVO PARA A FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DO CONCELLO DE MUGARDOS, ASIMILADA Á ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA DE SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE PERSOAL DE OFICIOS, GRUPO V, AUXILIAR DE AXUDA AO FOGAR, POLO PROCEDEMENTO DE OPOSICIÓN

Primeira.- Obxecto da convocatoria.

É obxecto da presente convocatoria a creación dunha bolsa de emprego para proceder á provisión temporal de prazas mediante a contratación de persoal laboral temporal asimilada á Escala de Administración Especial, subescala Servizos Especiais, clase Persoal de Oficios, Auxiliar de Axuda ao Fogar, Grupo V, pola concurrencia dalgún dos supostos habilitadores previstos no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se presta aprobación ao texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e artigo 27 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia.

Segunda.- Funcións e retribucións da praza.

A praza convocada corresponde a persoal laboral co seguinte detalle:

Código RPT	Grupo de clasificación	Categoría laboral	Titulación esixible
9009	V	Auxiliar de axuda ao fogar	Estudos primarios

Funcións

- Facer a limpeza do domicilio. Aseo persoal do usuario.
- Control de comidas e de menciñas. Facer a compra diaria do usuario.
- Acompañamento e cambios posturais do usuario. Tramitación cas diversas administración (recetas,etc.).
- Calquera outra relacionada co posto que lle encomendé o seu superior xerárquico.

Así mesmo, asumirá as novas funcións que se poidan derivar dos cambios que se poidan no seu caso producir na configuración do posto na Relación de Postos de Traballo.

Para que se entenda que concorre causa xustificada de temporalidade será necesario que na providencia de chamamento se especifiquen con precisión a causa habilitante da contratación temporal, as circunstancias concretas que a xustifican e a súa conexión coa duración prevista.

O/a aspirante seleccionado/a percibirá as retribucións básicas correspondentes ao grupo V que se determinen legalmente, e as retribucións complementarias iguais ao posto que proceda a ocupar. No suposto de chamamento por

circunstancias da produción, e de ser o caso, as retribucións complementarias serán as do posto mais semellante e se concretarán na resolución de contratación.

Retribucións

	RETRIBUCIÓN BRUTA MENSUAL				
	SOLDO	C.D.	C.E.	C.POSTO	TOTAL
AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR (37,5 horas semanais)	643,36	357,81	416,63	0	1.417,80 €

	RETRIBUCIÓN BRUTA PAGA EXTRA			
	SOLDO	C.D.	C.E.	TOTAL
AUXILIAR DE AXUDA NO FOGAR (37,5 horas semanais)	643,36	357,81	416,63	1.417,80 €

Terceira.- Normas xerais

A convocatoria da praza rexerese polas presentes bases, e no non previsto nestas estarase ao disposto na normativa legal de aplicación e nas Bases Xerais, aprobadas por Decreto núm. 2024/0360, de 26.03.2024 ditado polo concelleiro delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior (delegación RA 2023/0615, de 26.06.2023)

Cuarto.- Procedemento de selección.

O procedemento de selección consistirá nunha oposición libre que constará de dúas probas.

Primeira proba

De carácter teórico práctico, obrigatoria e eliminatória

Consistirá en contestar, por escrito un cuestionario tipo test de 30 preguntas, con tres respostas alternativas das que so unha será a correcta, sobre o contido do programa da convocatoria contido no Anexo I das presentes bases (parte xeral e parte específica) e as funcións propias da praza conforme a ficha da Relación de Postos de Traballo Cód. 9005. O tempo máximo para realizar este exercicio será de 50 minutos. Cada resposta correcta sumará 0,2 puntos. Cada resposta incorrecta restará 0,05 puntos. A puntuación máxima desta fase será de 10 puntos. O aspirante que non acade 5 puntos será eliminado do proceso selectivo.

Segunda proba

Proba de coñecemento da lingua galega

Proba de coñecemento da lingua galega. As persoas aspirantes que non acreditasen estar en posesión do nivel Celga 2 ou equivalente deberán facer unha proba eliminatória que se valorará co resultado de APTO/A ou NON APTO/a.

A proba consistirá na tradución directa e inversa dun ou varios textos, en castelán e galego, nun tempo máximo de 30 minutos e sen axuda de dicionario. Os textos serán escollidos polo Tribunal cualificador inmediatamente antes de celebrarse a proba, correspondéndolle ao Tribunal a fixación do nivel de coñecemento esixido para superar esta proba. Os aspirantes que non superen esta proba quedarán excluídos do proceso.

Quinto.- Requisitos das persoas aspirantes

As persoas participantes nos procesos de estabilización de emprego temporal que se convoquen deberán reunir no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da toma de posesión como persoal funcionario de carreira os seguintes requisitos, sen prexuízo dos que sinalen as correspondentes bases específica:

a) Ter a nacionalidade española ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do Texto Refundido da Lei reguladora do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP) aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, respecto do acceso o emprego público de nacionais doutros estados.

b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non superar, no seu caso, a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Posuír a capacidade e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

d) Estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real decreto 496/2003, do 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade.

e) Estar en posesión do/s permiso/s/licencias de condución que posibiliten os desprazamentos para a realización das funcións de auxiliar de axuda no fogar.

f) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario dor servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónoma; non se encontrar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.

g) As persoas aspirantes deberán acreditar estar en posesión do título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega Celga 2 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia. En caso de non acreditalo, deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega, de carácter obrigatorio e eliminatorio, sendo a cualificación de apto ou non apto.

h) Ter ingresado na conta bancaria do Concello de Mugar dos, a cantidade fixada como dereitos de exame, de conformidade coa base xeral sexta.

Tódolos requisitos esixidos nesta Base deberánse cumprir polas persoas aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias, e mantelos ata o momento de formalización do contrato.

ANEXO I TEMARIO

Tema 1. A Constitución española de 1978: características. Estrutura. Contido. Principios xerais. Dereitos e liberdades.

Tema 2. O municipio. Concepto. O término municipal. A poboación. O empadroamento.

Tema 3. Organización municipal. Órganos de goberno municipais. O alcalde, Os concelleiros. A Xunta de Goberno Local. Órganos complementarios.

Tema 4. Dereitos e deberes dos/as empregados públicos.

Tema 5.- O municipio de Mugar dos. Límites. Poboación. Situación das parroquias e principais núcleos de poboación. Localización dos lugares do Concello de Mugar dos.

Tema 6.- O SAF: Marco xurídico e competencial. Aspectos xerais. Equipo de atención Domiciliaria. Funcións, normas de actuación e perfil profesional do Auxiliar.

Tema 7.- Limpeza e coidado do fogar.

Tema 8.- Alimentación e nutrición.

Tema 9.- Aseo, hixiene e cuidados básicos.

ANEXO II

Solicitud

PROCESOS SELECTIVOS PARA A FORMACIÓN DE BOLSAS DE EMPREGO DO CONCELLO DE MUGARDOS	
Praza:	
DATOS DA PERSOA ASPIRANTE	
D./Dna.	
DNI / NIE / Pasaporte	
Enderezo aos efectos da notificación	
Cod. Postal e localidade	
Teléfono	
Correo electrónico	
<input type="checkbox"/> AUTORIZO o concello a realizar notificacións á miña caixa de correos electrónica, mediante comparecencia na Sede electrónica logo de se identificar fidedignamente. En todo caso, serán notificadas por esta vía as persoas obrigadas segundo o art. 14.2 da Lei 39/2015.	
EXPOÑO	
<ul style="list-style-type: none"> - Que tiven coñecemento da convocatoria anunciada polo Concello de Mugardos para a creación dunha bolsa de emprego para proceder á provisión temporal, mediante a contratación de persoal laboral temporal, da praza de referencia. - Que coñezo e acepto as bases que rexen este proceso selectivo e que reúno os requisitos esixidos nas bases xerais reguladoras dos procesos selectivos para a formación de bolsas de emprego do Concello de Mugardos e nas correspondentes bases específicas da convocatoria. - Que desexo tomar parte na convocatoria para o que achego os documentos solicitados nas bases xerais reguladoras dos procesos selectivos para a formación de bolsas de emprego do Concello de Mugardos e nas bases específicas da convocatoria. - Que autorizo a utilización dos meus datos persoais, incluído o teléfono e o correo electrónico indicados na presente solicitude para a recepción de información e solicitudes relacionadas co proceso selectivo de que se trata. 	
DECLARACIÓNS RESPONSABLES	
Pola presente, declaro baixo a miña responsabilidade: <ul style="list-style-type: none"> - Que posúo a capacidade e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas da praza obxecto da convocatoria. - Que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas nin me atopo en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. - Que son certos todos os datos facilitados na presente solicitude e que reúno todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria (referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación desta solicitude), e acato integramente o contido das Bases que rexen este proceso selectivo. - Que o modelo de solicitude de participación no proceso selectivo presentado para participar na presente convocatoria é o facilitado pola entidade convocante. 	
OUTRAS DECLARACIÓNS RESPONSABLES (marcar no seu caso)	
<input type="checkbox"/>	Pola presente, declaro baixo a miña responsabilidade que estou en posesión da certificación galega de competencias dixitais en ofimática regulada no decreto 218/2011 da Xunta de Galicia ou en condicións de obtela como máximo á data de remate do prazo de presentación de instancias (soamente para o acceso a aquelas prazas nas que se contemple a realización dun exercicio consistente en demostrar coñecementos de informática de nivel usuario sobre o sistema operativo "Windows" o paquete ofimático "Office").
Por todo iso, SOLICITO	
<input type="checkbox"/>	A miña admisión no correspondente proceso selectivo.
<input type="checkbox"/>	A adaptación dos tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público das persoas con discapacidade
	Indique as adaptacións e os axustes razoables de tempo e medios para a realización das probas:
<input type="checkbox"/>	Dispor do texto das probas en lingua castelá.
Mugardos, ____ de ____ de 202__	
Sinatura: _____	

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA	
<input type="checkbox"/>	Copia do DNI, pasaporte ou documento de identificación equivalente e acreditativo da identidade e nacionalidade.
<input type="checkbox"/>	Copia da titulación esixida para a praza á que aspira.
<input type="checkbox"/>	Copia do permiso de condución esixido na convocatoria
<input type="checkbox"/>	Xustificante acreditativo de ter ingresado a cantidade fixada como dereitos de exame.
<input type="checkbox"/>	Xustificación do dereito á exención do pago de dereitos de exame, de conformidade coas bases da convocatoria.
<input type="checkbox"/>	Copia do título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega requirido para o acceso ao correspondente grupo/subgrupo
<input type="checkbox"/>	Acreditación de atoparse en situación de incapacidade recoñecida polo INSS que non sexa invalidante en grao absoluto que teña reserva de posto e a incapacidade sexa revisable
<input type="checkbox"/>	Certificado do grao de discapacidade e o Ditame técnico facultativo emitido polo órgano técnico de cualificación do grao da discapacidade (persoas que teñan solicitado a adaptación de tempo e/ou medios nos procesos selectivos).
<input type="checkbox"/>	Certificación negativa do Rexistro Central de delinquentes sexuais (soamente para o acceso a aquelas prazas que impliquen contacto habitual con menores).
<input type="checkbox"/>	Certificación galega de competencias dixitais en ofimática regulada no decreto 218/2011 da Xunta de Galicia. (soamente para o acceso a aquelas prazas nas que se contemple a realización dun exercicio consistente en demostrar coñecementos de informática de nivel usuario sobre o sistema operativo "Windows" o paquete ofimático "Office").

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MUGARDOS (A CORUÑA)

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Mugardos, con dirección Avda. Galicia, 45, 15620-Mugardos; CORREO@MUGARDOS.GAL.

1.- FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán empregados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia.

O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado.

PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo.

2.- LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga a realizar a solicitude de prestación do servizo.

3.- DESTINATARIOS DE CESIÓNS: O Concello de Mugardos non cederá os seus datos de carácter persoal.

4.- DEREITOS: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

O Concello de Mugardos dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade."

Mugardos, asinado dixitalmente polo Concelleiro Delegado de Urbanismo, Rehabilitación, Mobilidade e Réxime Interior, D. José Miguel Mahía Prados, en data 11.04.2024 (Delegación de competencias R.A. 2023-0615, de 26.06.2023).

2024/2486